

Á VIOLENCIA DE XÉNERO



GUÍA DE RECURSOS
FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO
EN GALICIA

GUÍA DE RECURSOS
FRONTE Á VIOLENCIA
DE XÉNERO EN GALICIA

DEPÓSITO LEGAL: C-173-2020

ÍNDICE

1. RECURSOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL	4
1.1. Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero: CRI	
1.2. Centros de crise 24 horas	
1.3. Rede galega de información ás mulleres: CIM	
1.4. Centros QUÉROTE+	
1.5. Teléfono da muller	
1.6. Asesoramento en liña	
1.7. Servizo de teletradución	
1.8. Servizo de acompañamento a orfos/as por crimes de violencia de xénero	
1.9. Punto de coordinación de ordes de protección (PCOP)	
2. RECURSOS DE APOIO E ATENCIÓN PSICOLÓXICA	7
2.1. Atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e outras persoas da contorna familiar	
2.2. Atención psicolóxica de emerxencia	
2.3. Quenda de garda psicolóxica	
2.4. Intervención psicolóxica en casos de violencia sexual	
2.5. Programa terapéutico para homes: Abramos o círculo	
3. RECURSOS DE ALOXAMENTO	8
3.1. Rede Galega de Acollemento	
3.2. Traslado aos centros de acollida	
3.3. Bono de alugueiro social	
4. RECURSOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE	9
4.1. Servizo ATENPRO	
4.2. Grupo de protección a vítimas de violencia de xénero da Unidade de Policía Autonómica	
4.3. Equipo muller-menor da Garda Civil (EMUME)	
4.4. Unidade de Atención á Familia e á Muller da Policía Nacional (UFAM)	
4.1. Alertcops	
5. RECURSOS NO ÁMBITO XUDICIAL	10
5.1. Oficinas de Asistencia á Vítima	
5.2. Asistencia xurídica gratuíta	
5.3. Puntos de encontro familiar	
5.4. Comparecencia da Xunta de Galicia nos procedementos penais por violencia de xénero	
6. RECURSOS PARA MULLERES VÍTIMA DE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL	12
6.1. Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata	
6.2. Vivendas de seguridade	
7. AXUDAS ECONÓMICAS DA XUNTA DE GALICIA	13
7.1. Prestacións periódicas	
7.2. Axudas e indemnizacións para mulleres vítima de violencia de xénero	
7.3. Fondo galego de garantía de indemnizacións	
7.4. Axudas económicas a mulleres gravemente feridas por causa de violencia de xénero	
7.5. Axudas económicas a orfos e orfas menores de 30 anos	
7.6. Axudas económicas para gastos de sepelio	
7.7. Renda de integración social de Galicia-Risga	
7.8. Exención nas taxas de matrícula universitaria	
7.9. Gratuidade nos comedores escolares	
8. OUTRAS AXUDAS ECONÓMICAS	15
8.1. Anticipos por non pagamento de pensións alimenticias	
8.2. Axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual	
8.3. Subsidio para persoas vítima de violencia de xénero ou sexual	
9. RECURSOS DE APOIO SOCIAL	17
9.1. Residencias de tempo libre	
9.2. Campamentos de verán	
9.3. Residencias xuvenís	
10. RECURSOS DE APOIO Á INSERCIÓN LABORAL	18
10.1. Programa de fomento da contratación polas entidades locais galegas	
10.2. Programa de fomento da contratación por entidades sen ánimo de lucro	
10.3. Programa de inserción laboral	
10.4. Programas de cooperación	
10.5. Servizo Público de Emprego de Galicia	
11. GUÍAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN	19

1. RECURSOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL



1.1. CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO: CRI

Descrición:

Este centro, situado en Santiago e dependente do órgano superior da Xunta de Galicia con competencias en materia de prevención e loita contra a violencia de xénero, ten por finalidade prestar atención integral ás mulleres vítima de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes, especialmente as súas fillas e fillos.

Presta servizos de asesoramento xurídico, atención psicolóxica e intervención social (orientada ao asesoramento e á activación de recursos e redes de apoio social, trámites e asesoramento). Tamén desenvolve outras funcións: de coordinación (é o centro coordinador da Rede galega de acollemento e colaborador nas derivacións de vítimas de violencia de xénero cara a ou desde outras partes do Estado) e de formación.

Información e acceso:

Atención telefónica: **881 995 285**

Atención presencial: **Carballeira de San Lourenzo s/n, Santiago de Compostela**, de luns a xoves, de 9.00 horas a 19.00 horas, e venres de 9.00 a 15.00 horas
cri.igualdade@xunta.gal

Máis información no apartado de Recursos, da área de Violencia de Xénero, da páxina **<https://igualdade.xunta.gal>**

1.2. CENTROS DE CRISE 24 HORAS

Descrición:

Son recursos especializados para a atención de mulleres vítima de violencia sexual da Comunidade Autónoma de Galicia, abertos as 24 horas os 365 días do ano.

Poden ser usuarias as mulleres maiores de 15 anos, independentemente de cal sexa a súa situación administrativa, que vivisen un intento ou unha situación de violencia sexual, recentemente ou no pasado, os seus familiares e persoas da súa contorna íntima, sen necesidade de presentar denuncia nin estar en disposición de facelo.

Prestan servizos de intervención psicolóxica, intervención social e asistencia xurídica. Tamén poden desenvolver accións de sensibilización, divulgación, prevención e formación para a sociedade en xeral e aos sistemas clave na loita contra a violencia sexual (sistema educativo, xudicial, policial, social, etc).

Información e acceso:

Atención telefónica: **900 400 273** (teléfono 24 horas)

Atención de emerxencia, presencial, as 24 horas do día, durante os 365 días do ano
Máis información no apartado de Recursos, da área de Violencia de Xénero, da páxina **<https://igualdade.xunta.gal>**

Ferrol

Hospital Novoa Santos
Estrada de Catabois 730,
15405, Ferrol (A Coruña)
981 336 791
centrodecrise.ferrol@xunta.gal

Lugo

Hospital Lucus Augusti
Rúa Dr. Ulises Romero 1,
27003, Lugo
982 296 761
centrodecrise.lugo@xunta.gal

Ourense

PAC do Centro de Especialidades
Rúa do Concello 13,
32003, Ourense
988 388 561
centrodecrise.ourense@xunta.gal

Santiago de Compostela

Hospital Gil Casares
Rúa da Choupana s/n, 15706,
Santiago de Compostela (A Coruña)
981 955 976
centrodecrise.santiago@xunta.gal

Vigo

Hospital Álvaro Cunqueiro
Rúa Clara Campoamor 341,
36312, Vigo (Pontevedra)
986 217 931
centrodecrise.vigo@xunta.gal



1.3. REDE GALEGA DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES: CIM

Descrición:

Os CIM (Centros de Información á Muller) son recursos de carácter municipal, para a promoción da igualdade e a prevención e atención á violencia de xénero, e a atención ao colectivo LGTBI.

Ofrecen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional ou sociolaboral, así como calquera outra información dirixida a conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Información e acceso:

Nos teléfonos: **981 957 691** ou **981 545 351**

En Galicia existen actualmente 84 CIM: 29 na Coruña, 11 en Lugo, 17 en Ourense e 27 en Pontevedra. Enderezo electrónico de acceso aos datos de contacto de cada CIM: <https://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

1.4. CENTROS QUÉROTE+

Descrición:

Os centros Quérote+ son recursos para a atención á xuventude e ás súas familias e a profesionais que traballan no eido xuvenil sobre sexualidade, LGBTI, benestar emocional, promoción da igualdade, bo trato e prevención da violencia de xénero.

Ofrecen un servizo público, anónimo e gratuíto dirixido á mocidade, que conta con espazos amables e seguros nos que se ofrece información e asesoramento e se realizan probas rápidas VIH-VHC ou test de embarazo. Tamén ofrecen unha oferta formativa de obradoiros dirixidos á mocidade e ás familias, que están a disposición dos centros educativos, concellos, entidades e asociacións.

Información e acceso:

No teléfono **881 997 613** ou por mensaxería instantánea (whatsapp/telegram) no **647 018 752** querotemais@xunta.gal

En Galicia existen actualmente cinco centros Quérote+:

A Coruña

Avenida Linares Rivas, 28 8º
981 223 913

Lugo

Rúa Canella da Deputación, s/n
982 241 732

Ourense

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27 4º
988 231 470

Santiago de Compostela

Rúa Ramón Piñeiro, 17-19 baixo
881 997 613

Vigo

Rúa Ferrería, 41
986 095 977



1.5. TELÉFONO DA MULLER

Descrición:

Servizo de atención telefónica, de carácter gratuíto e anónimo, que funciona as 24 horas do día durante os 365 días do ano. Ofrece información especializada, de interese para a muller, sobre recursos, prestacións sociais dispoñibles, requisitos de acceso, dereitos, etc, no eido da igualdade e da violencia machista, e cara a outros servizos en caso de ser necesario.

Información e acceso:

No teléfono **900 400 273** dispoñible as 24 horas

1.6. ASESORAMENTO EN LIÑA

Descrición:

Servizo de apoio en liña para proporcionar, de xeito gratuíto e anónimo, información e asesoramento sobre diversas cuestións, entre elas a violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, acoso sexual, conciliación familiar, discriminacións por razón de sexo, prostitución e trata, etc.

Información e acceso:

Dispoñible cubrindo un formulario na páxina web Igualdade en Galicia:
<https://igualdade.xunta.gal>

1.7. SERVIZO DE TELETRADUCIÓN

Descrición:

Servizo de tradución simultánea, totalmente gratuíto, que ofrece unha atención a mulleres vítima de violencia de xénero en 51 idiomas e con acceso a persoas xordas, que axuda a reducir o estrés producido pola barreira idiomática no acceso das mulleres estranxeiras aos recursos dispoñibles e facilita unha comunicación verbal máis eficaz, esencial nos casos de trata de persoas e violencia de xénero.

Está dispoñible nos centros de Información ás Mulleres (CIMs), centros da Rede Galega de Acollemento e ONG que colaboran no desenvolvemento do Programa de atención a vítimas de trata.

Información e acceso:

No teléfono **900 400 273** ou en cada un dos recursos sinalados anteriormente

1.8. ACOMPAÑAMENTO A ORFOS/AS POR CRIMES DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Programa de protección e asistencia integral, que ofrece acompañamento e asesoramento na xestión de trámites administrativos e apoio socioeducativo ás fillas e fillos orfos menores de 30 anos das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, así como ás persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente, no caso de menores de 18 anos.

Información e acceso:

Activación a través do **112 Emerxencias Galicia**
Nos teléfonos **981 545 361** ou **981 957 268**

1.9. PUNTO DE COORDINACIÓN DE ORDES DE PROTECCIÓN (PCOP)

Descrición:

Unidade administrativa encargada do seguimento das ordes de protección das mulleres vítima de violencia de xénero ditadas polos xulgados galegos.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 957 482** ou **981 545 367**
Máis información no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina
<https://igualdade.xunta.gal>

2. RECURSOS DE APOIO E ATENCIÓN PSICOLÓXICA



2.1. ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO, ÁS SÚAS FILLAS E FILLOS E A OUTRAS PERSOAS DA CONTORNA FAMILIAR

Descrición:

Programa de atención psicolóxica especializada, para facilitarlles recursos terapéuticos que abran vías de recuperación ás mulleres vítima de violencia de xénero, aos seus fillos e fillas menores de idade e a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero. Ten como obxectivo axudar a minimizar o dano ocasionado pola violencia sufrida, afrontar o procedemento de recuperación e acompañar a vítima durante todo o proceso xudicial.

Información e acceso:

O acceso ao programa realízase segundo procedementos protocolizados, establecidos conxuntamente entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Máis información no teléfono **881 995 286** e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

2.2. ATENCIÓN PSICOLÓXICA DE EMERXENCIA

Descrición:

Servizo de atención psicolóxica en situacións de emerxencia, para a atención dos casos máis graves de violencia de xénero ou con resultado de morte.

Esta atención psicolóxica préstaa o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Información e acceso:

Activación a través do **112 Emerxencias de Galicia**
Máis información na páxina do Colexio Oficial de Psicología de Galicia
<https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

2.3. QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA

Descrición:

Servizo de atención psicolóxica, especializada e permanente, para a atención da muller vítima de violencia de xénero nos momentos inmediatamente posteriores a terse producido un incidente

violento ou agresivo, coa finalidade de detectar as súas necesidades psicolóxicas e facilitar así a súa cobertura e, de ser o caso, a presentación de denuncia.

Información e acceso:

Activación a través de forzas e corpos de seguridade.

O acceso ao programa realízase segundo procedementos protocolizados, establecidos conxuntamente entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

Máis información no teléfono **900 400 273** e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

2.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CASOS DE VIOLENCIA SEXUAL

Descrición:

Programa de intervención psicolóxica con mulleres vítima de abuso e violencia sexual, para axudalas a afrontar os desaxustes físicos, emocionais e relacionais que se producen como consecuencia desta violencia.

Información e acceso:

O acceso ao programa realízase segundo procedementos protocolizados, establecidos conxuntamente entre a Xunta de Galicia e a Fundación Meniños. Máis información no teléfono **881 995 286** e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

2.5. PROGRAMA TERAPÉUTICO PARA HOMES: ABRAMOS O CÍRCULO

Descrición:

Programa de atención psicolóxica especializada, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas no ámbito familiar, e que desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

Información e acceso:

O acceso ao programa realízase segundo procedementos protocolizados, establecidos conxuntamente entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia. Máis información no teléfono **881 995 286** e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

3. RECURSOS DE ALOXAMENTO



3.1. REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO

Descrición:

Rede de recursos residenciais especializados, de carácter temporal, que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e aos menores ao seu cargo, que requiran dun espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

A Rede Galega de Acollemento está formada por diferentes centros de acollida nos que, ademais, tamén se presta atención psicolóxica, xurídica e apoio social.

Información e acceso:

O acceso realízase segundo procedementos protocolizados, establecidos conxuntamente entre a Xunta de Galicia e as entidades titulares dos centros de acollida. Máis información no teléfono **673 282 392** (dispoñible as 24 horas os 365 días do ano) e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

3.2. TRASLADO AOS CENTROS DE ACOLLIDA

Descrición:

Servizo de traslado das mulleres vítima de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Información e acceso:

O acceso realízase segundo procedementos protocolizados. Máis información no teléfono **673 282 392** (dispoñible as 24 horas os 365 días do ano) e no apartado de recursos, da área de violencia de xénero, da páxina <https://igualdade.xunta.gal>

3.3. BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

Descrición:

Axudas destinadas a atender, con carácter urgente, as unidades de convivencia das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda.

Ademais existe unha axuda complementaria para atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

Información e acceso:

Xefaturas territoriais do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).
Máis información na páxina web da sede electrónica (código de procedemento VI482F) <https://sede.xunta.gal>

Áreas provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS):

A Coruña

Praza de Luís Seoane, s/n
15008 Coruña, A
Teléfono: 981 184 800

Lugo

Avda. Ramón Ferreiro, 28
27071 Lugo
Teléfono: 982 294 602

Ourense

Rúa Antonio Sáenz Díez, 1
32071 Ourense
Teléfono: 988 386 268

Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia, 7
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 805 610

4. RECURSOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE



4.1. SERVIZO ATENPRO

Descrición:

Servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia de xénero, a través dun dispositivo electrónico de teleasistencia, que permite que as usuarias poidan entrar en contacto en calquera momento cun centro atendido por persoal especificamente preparado para dar a resposta adecuada á súa situación persoal.

Depende do Goberno de España e tramítase a través dos servizos sociais municipais segundo o domicilio da usuaria.

Ofrece seguridade e protección as 24 horas e os 365 días do ano a través de medios telemáticos.

Información e acceso:

No teléfono **900 222 292**

Atención presencial nos centros de Servizos Sociais de cada concello.

Máis información na páxina web:

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/informacion-3/recursos/servicioTecnico/>

4.2. GRUPO DE PROTECCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA UNIDADE DE POLICÍA AUTONÓMICA

Descrición:

Desde setembro de 2016 a Unidade de Policía Autonómica (UPA) faise cargo da protección das vítimas de violencia de xénero asignadas ás comisarias da Policía Nacional de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense Pontevedra e Vigo.

Información e acceso:

Activación a través do **112 Emerxencias Galicia**

Máis información na páxina web:

<https://policia.xunta.gal/es/violencia-de-genero>

4.3. EQUIPO MULLER-MENOR DA GARDA CIVIL (EMUME)

Descrición:

Unidades da Policía Xudicial da Garda Civil integradas por persoal que se responsabiliza da investigación dos delitos contra mulleres e menores.

Prestan atención especializada nos procesos de información, asesoramento e asistencia á muller e ás/aos menores, actúan durante a intervención policial, de forma inmediata, con adaptación da resposta ao tipo de delito e ás súas circunstancias.

Información e acceso:

No teléfono **teléfono 062**

Máis información na páxina web:

<https://web.guardiacivil.es/gl/institucional/conocenos/especialidades/emumes/index.html>

4.4. UNIDADE DE ATENCIÓN Á FAMILIA E Á MULLER DA POLICÍA NACIONAL (UFAM)

Descrición:

Unidades da Policía Nacional especializadas na prevención e investigación das infraccións penais sobre violencia de xénero, violencia doméstica e a violencia sexual.

Actúan dende o momento en que se ten coñecemento do feito, tanto no proceso de atención, información e asesoramento coma na investigación, intervención e protección da muller e menores.

Información e acceso:

No teléfono **teléfono 091**

Máis información na páxina web:

https://www.policia.es/_gl/colabora_ufam.php?idiomaActual=gl



4.5. ALERTCOPS

Descrición:

Aplicación móbil da Policía Nacional e da Garda Civil, totalmente gratuíta, que permite que calquera persoa poida comunicar ás forzas e corpos de seguridade do Estado unha alerta, información, dato ou noticia sobre un acto delitivo ou incidencia de seguridade da que está sendo vítima ou testemuña.

Información e acceso:

Máis información na páxina web: <https://alertcops.ses.mir.es/publico/alertcops>



5. RECURSOS NO ÁMBITO XUDICIAL

5.1. OFICINAS DE ASISTENCIA Á VÍTIMA

Descrición:

Servizo de atención e asistencia á vítima do delito, prestado por un equipo multidisciplinar, en materia psicolóxica e social.

Teñen como obxectivo xeral prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas e dar resposta ás necesidades específicas no ámbito xurídico, psicolóxico e social.

Configúranse como un servizo público e gratuíto para protexer adecuadamente a intimidade e dignidade da vítima e evitar o risco da súa revitimización ou vitimización secundaria.

Información e acceso:

Nas oficinas de Asistencia á Vítima dependentes dos xulgados das seguintes cidades galegas:

Santiago de Compostela

Rúa Viena, S/N. Edificio Xulgados
Teléfono: 881 997 146 / 981 540 483
atencion.vitimas.santiago@xustiza.gal

Ourense

Xulgados de Ourense. Rúa Velázquez s/n.
Teléfono: 988 687 664 / 988 687 674
atencion.vitimas.ourense@xustiza.gal

A Coruña

Rúa Monforte, 1. Edificio Novos Xulgados
Teléfono: 881 881 778 / 881 881 749
atencion.vitimas.coruna@xustiza.gal

Pontevedra

Xulgados de Pontevedra. Rúa Tomás y Valiente s/n
Teléfono: 986 805 790 / 986 805 982
atencion.vitimas.pontevedra@xustiza.gal

Ferrol

Xulgados de Ferrol. Rúa Coruña 55.
Teléfono: 981 337 520
atencion.vitimas.ferrol@xustiza.gal

Vigo

Xulgados de Vigo. Rúa Pizarro, s/n
Teléfono: 886 218 438 / 886 218 434
atencion.vitimas.vigo@xustiza.gal

Lugo

Xulgados de Lugo. Rúa Armando Durán s/n.
Teléfono: 982 889 530 / 982 889 536
atencion.vitimas.lugo@xustiza.gal



5.2. ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

Descrición:

Servizo de asistencia xurídica inmediata, é dicir, no momento inmediatamente previo á interposición da denuncia, prestado por profesionais especialistas, que se estende a todos os trámites, incidencias e recursos relacionados co procedemento para o que foi concedido, e que comprende así mesmo a execución da sentenza xudicial durante un prazo de dous anos.

As mulleres vítima de violencia de xénero e sexual teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta con independencia da existencia ou non de recursos económicos.

Este dereito asiste tamén aos habentes-causa en caso de falecemento da vítima, sempre que non fosen partícipes nos feitos.

Información e acceso:

Nos centros de Información á Muller (CIMs) ou nos servizos sociais.

Nos colexios de avogacía.

Máis información sobre as comisións de asistencia xurídica gratuíta de Galicia e sobre os servizos de orientación xurídica (SOX) dos colexios de avogacía na seguinte ligazón:

<https://www.xustiza.gal/asistencia-xuridica-gratuíta/enderezos-telefonos>

5.3. PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

Descrición:

Os puntos de encontro familiar (PEF) son instalacións, dotadas cun equipamento social, que facilitan e preservan a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procuran a seguridade e o benestar das menores e dos menores, favorecen a relación coas súas familias e facilitan o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente.

Información e acceso:

Nos teléfonos **881 995 437** e **981 544 655**

Máis información na páxina web: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/orientacion-e-mediacion-familiar/puntos-de-encontro-familiar>

5.4. COMPARECENCIA DA XUNTA DE GALICIA NOS PROCEDEMENTOS PENAIS POR VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Dende o ano 2013, a Xunta de Galicia, a través dos letrados e letradas da Administración autonómica, e sempre que a familia da vítima outorgue o seu consentimento, comparece como acción popular nos procedementos penais iniciados en Galicia por causa de crimes de violencia de xénero.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 957 677** e **981 545 694**

6. RECURSOS PARA MULLERES VÍTIMA DE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL



6.1. AXUDAS PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXPLOTACIÓN SEXUAL OU VÍTIMAS DE TRATA

Descrición:

Axudas para a realización de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoiar a súa recuperación e integración social e laboral. A través da colaboración con ONG especializadas desenvólvense accións de:

- Asesoramento social e apoio directo para a realización de trámites administrativos de diversa índole
- Atención psicolóxica
- Asesoramento xurídico
- Orientación e asesoramento laboral
- Atención e asesoramento en traballo de rúa

Información e acceso:

No teléfono **981 957 613**

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

6.2. VIVENDAS DE SEGURIDADE

Descrición:

Recursos para prestar acollemento residencial, atención, apoio, acollida e recuperación destinados a facilitarlles, ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación sexual e trata, un espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades.

A súa xestión desenvólvese en colaboración con entidades de iniciativa social que xa contan con dispositivos destinados á atención integral a mulleres vítima de explotación sexual e trata, nos que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa e integran, tamén, unha vivenda de seguridade.

Información e acceso:

Nos teléfonos **881 995 285** ou **981 957 784**

7. AXUDAS ECONÓMICAS DA XUNTA DE GALICIA



7.1. PRESTACIÓNS PERIÓDICAS

Descrición:

Axudas económicas de carácter periódico para mulleres vítima de violencia de xénero, previstas no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. O obxectivo destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles condicións suficientes de independencia económica con respecto ao agresor, que lles permitan dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que se atopan en perigo.

A axuda consiste nunha cantidade económica de carácter periódico, destinada directamente á beneficiaria, de ata un máximo de 12 mensualidades. O importe da axuda varía, dependendo dos ingresos da beneficiaria, do número de fillos e fillas menores, circunstancias de discapacidade etc.

Información e acceso:

No teléfono **881 999 164**.

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

7.2. AXUDAS E INDEMNIZACIÓNS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, dirixida ás mulleres vítima de violencia de xénero que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

A axuda consiste nunha cantidade económica que se percibe nun único pagamento, cuxo importe, por norma xeral, equivale a 6 meses do subsidio por desemprego vixente, pero que pode acadar o importe de 12, 18 ou 24 meses do subsidio por desemprego se a beneficiaria ten menores a cargo, circunstancias de discapacidade, etc.

Información e acceso:

No teléfono **981 545 373**

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

7.3. FONDO GALEGO DE GARANTÍA DE INDEMNIZACIÓNS

Descrición:

Indemnización establecida no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, que comprende as axudas dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e/ou as e aos menores ou persoas dependentes delas, polos danos e perdas ocasionados como consecuencia da situación de violencia, fixadas mediante sentenza xudicial, no caso de incumprimento por insolvencia, por parte do obrigado a satisfacelas.

Información e acceso:

No teléfono **981 545 373**.

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

7.4. AXUDAS ECONÓMICAS A MULLERES GRAVEMENTE FERIDAS POR CAUSA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Axudas de indemnización económica dirixidas a mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Información e acceso:

No teléfono **981 545 361** ou **981 957 268**

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>

7.5. AXUDAS ECONÓMICAS A ORFOS E ORFAS MENORES DE 30 ANOS

Descrición:

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero.

Información e acceso:

No teléfono **981 545 361** ou **981 957 268**

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia: <https://igualdade.xunta.gal>



7.6. AXUDAS ECONÓMICAS PARA GASTOS DE SEPELIO

Descrición:

Axudas económicas para os familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítima mortais por violencia de xénero e dos seus fillos e fillas falecidos, destinadas a sufragar os gastos de traslado, funeral, inhumación e/ou incineración das mulleres vítima mortais por violencia de xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas das vítimas, falecidos como consecuencia da violencia de xénero.

Información e acceso:

No teléfono **981 545 361** ou **981 957 268**

No apartado de axudas da páxina web Igualdade en Galicia:

<https://igualdade.xunta.gal>

7.7. RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA-RISGA

Descrición:

Prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. Os trámites para a concesión da Risga terán carácter de urxencia cando se reflicta no informe de valoración social que a persoa solicitante é vítima de violencia de xénero, debidamente acreditada.

Información e acceso:

No teléfono **981 547 440**, **981 545 466** e **981 541 869**

No apartado de axudas da páxina web:

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/inclusion-social/axudas-e-prestacions/renda-de-inclusion-social-de-galicia-risga>

7.8. EXENCIÓN NAS TAXAS DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA

Descrición:

As mulleres vítima de violencia xénero, así como os seus fillos e fillas, teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos en calquera das universidades de Galicia.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 446** e **981 544 430**

Máis información na páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal>

7.9. GRATUIDADE NOS COMEDORES ESCOLARES

Descrición:

Os membros de familias afectadas por violencia de xénero teñen dereito á gratuidade dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación..

Información e acceso:

Nos teléfonos **881 995 188** e **981 545 480**

Máis información na páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/10308>

8. OUTRAS AXUDAS ECONÓMICAS



8.1. ANTICIPOS POR NON PAGAMENTO DE PENSIÓNS ALIMENTICIAS

Descrición:

A través do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos garántese o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagados, establecidos en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, filiación ou alimentos.

As persoas beneficiarias dos anticipos son, con carácter xeral, os fillos e fillas titulares dun dereito de alimentos xudicialmente recoñecido e non pagado, que formen parte dunha unidade familiar cuxos recursos e ingresos económicos non superen a cantidade resultante de multiplicar o IPREM polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos/fillas menores que integren a unidade familiar.

As persoas beneficiarias teñen dereito ao anticipo da cantidade mensual determinada xudicialmente en concepto de pagamento de alimentos, co límite de 100 euros mensuais, que se poderá percibir durante un prazo máximo de dezaioito meses.

Información e acceso:

A Coruña

981 161 372

Ferrol

981 369 384

Lugo

982 284 652

Ourense

988 392 288

Pontevedra

986 868 407

Vigo

986 213 908

No portal das Unidades de Clases Pasivas da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social:
<https://www.portalclasespasivas.gob.es/sitios/clasespasivas/es-ES/SolicitudesProcedimientos/Procedimientos/Paginas/pro993614.aspx>

8.2. AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE DELITOS VIOLENTOS E CONTRA A LIBERDADE SEXUAL

Descrición:

Axudas públicas en beneficio das vítimas directas e indirectas dos delitos dolosos e violentos cometidos en España, con resultado de morte, ou de lesións corporais graves, ou de danos graves na saúde física ou mental; así como en beneficio das vítimas dos delitos contra a liberdade sexual aínda que se perpetren sen violencia.

As mulleres vítima de violencia de xénero poden ser beneficiarias destas axudas posto que son vítimas dun delito. Tamén poden ser beneficiarias destas axudas os fillos e fillas da muller falecida.

O prazo para solicitar estas axudas é dun ano, contado dende a data na que se produciu o feito delitivo. Non obstante, o devandito prazo interrómpease co inicio do proceso penal e ábrese de novo dende que se dite a resolución xudicial firme, e o importe varía segundo o tipo de danos sufridos e da situación económica da vítima.

Información e acceso:

A Coruña

981 161 372

Ferrol

981 369 384

Lugo

982 284 652

Ourense

988 392 288

Pontevedra

986 868 407

Vigo

986 213 908

No portal das Unidades de Clases Pasivas da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social:
<https://www.portalclasespasivas.gob.es/sitios/clasespasivas/es-ES/SolicitudesProcedimientos/Procedimientos/Paginas/pro993614.aspx>



8.3. SUBSIDIO PARA PERSOAS VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU SEXUAL

Descrición:

As vítimas de violencia de xénero ou sexual desempregadas teñen dereito a un subsidio que xestiona o Servizo Público de Emprego Estatal. A solicitude do subsidio pódese presentar inmediatamente despois da emisión ou notificación do certificado ou resolución que acredite a condición de vítima de violencia, ou no prazo máximo de seis meses dende a dita data.

A duración máxima do subsidio será de trinta meses, salvo que a solicitante fose beneficiaria con anterioridade de un ou dous dereitos ao Programa de renda activa de inserción.

A contía mensual do subsidio é do 95 % durante os 180 primeiros días, o 90 % desde o día 181 ao día 360 e, a partir do día 361 ata a fin do subsidio, o 80 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

Información e acceso:

No teléfono **060**

Na web do Servizo Público de Emprego Estatal:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/gl/prestaciones-desempleo/subsidio-desempleo/victimas-violencia-genero-o-sexual.html>

9. RECURSOS DE APOIO SOCIAL



9.1. RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE

Descrición:

Programa de estadías dunha semana (seis noites), en réxime de pensión completa, que busca posibilitar o acceso de familias a un período vacacional nas residencias de tempo libre de Panxón e do Carballiño, dous centros adscritos á Xunta de Galicia e destinados ao desfrute do lecer das familias.

Información e acceso:

No teléfono **881 995 558**.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal>

9.2. CAMPAMENTOS DE VERÁN

Descrición:

As menores e os menores dependentes de mulleres vítima de violencia de xénero que residen ou residiron nos últimos anos nalgún centro de acollida teñen a posibilidade preferente de participar nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia, a través dunha reserva específica de prazas, realizando actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 696** e **981 544 926**

Na sede electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal>

9.3. RESIDENCIAS XUVENÍS

Descrición:

Convocatoria anual de prazas de persoas colaboradoras-bolseiras en residencias xuvenís dependentes da Xunta de Galicia para mulleres vítima de violencia de xénero ou persoas solicitantes cuxas proxenitoras a sufrisen.

Tamén se convocan prazas nas residencias xuvenís para cada curso, das que un 9 % se reserva para mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 544 645**, **982 294 346**, **988 386 112** ou **986 817 048**

Na sede electrónica da Xunta de Galicia

<https://sede.xunta.gal>

10. RECURSOS DE APOIO E INSERCIÓN LABORAL



10.1. PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN POLAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS

Descrición:

Programa de axudas ás entidades locais galegas para o fomento da contratación de mulleres vítima de violencia de xénero por parte da propia entidade local, con contratos de entre 4 e 12 meses en traballos de interese xeral no concello beneficiario das axudas.

A Xunta financia o 100% dos custos salariais e da Seguridade Social da contratación das mulleres.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 361** ou **981 957 268**

Ver bases reguladoras e convocatoria anual na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>

10.2. PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

Descrición:

Programa de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento da contratación de mulleres vítima de violencia de xénero por parte das entidades sen ánimo de lucro, con contratos por un máximo de 12 meses, para mellorar e facilitar a súa inserción laboral.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 361** ou **981 957 268**

Ver bases reguladoras e convocatoria anual na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>

10.3. PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición:

Programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é apoiar a integración ou reintegración no mercado laboral das mulleres vítima de violencia de xénero. As actuacións que se desenvolven son:

1. Itinerarios de inserción
2. Formación para o emprego
3. Actuacións de apoio á conciliación

Información e acceso:

No teléfono **981 957 784**

Ver bases reguladoras e convocatoria anual na sede electrónica da Xunta de Galicia: (procedemento SI451A) <https://sede.xunta.gal>

10.4. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Descrición:

Programa que financia accións de fomento de emprego, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítima de violencia de xénero desempregadas, para a realización de servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral. Inclúe un incentivo á mobilidade xeográfica e lévanse a cabo en colaboración coas entidades locais e con entidades privadas sen ánimo de lucro con centros de traballo en Galicia.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 604**, **981 544 714** e **981 957 739**

Ver bases reguladoras e convocatoria anual na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>



10.5. SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

Descrición:

O Servizo Público de Emprego de Galicia ten establecido un protocolo de actuación para o tratamento das mulleres vítima de violencia de xénero, de maneira que unha muller nesa situación pode rexistrar a súa condición na aplicación do Servizo Público de Emprego de Galicia (oficinas de emprego), así como indicar se desexa que os seus datos sexan tratados ou non como confidenciais. A confidencialidade tradúcese en que unicamente o persoal da oficina de emprego con perfil de "titor/a" ou "coordinador/a" estatal, poden visualizar e xestionar eses datos. En cada unha das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia hai, polo menos, unha persoa titora das vítimas, para garantir a confidencialidade dos datos das mulleres vítima que así o demanden.

Información e acceso:

Nos teléfonos **981 545 292** e **981 544 683**

Na web do Servizo Público de Emprego de Galicia:

<https://emprego.xunta.gal>

11. GUÍAS E PROTOCOLOS



A Xunta de Galicia pon ao alcance da cidadanía diferentes guías e protocolos de actuación que serven de apoio en situacións relacionadas coa violencia de xénero, a violencia sexual ou outras circunstancias de especial vulnerabilidade. Estes documentos recollen pasos concretos, recursos dispoñibles e orientación práctica para que calquera persoa saiba a onde acudir e que facer en cada momento.

Con eles búscase facilitar unha resposta rápida e eficaz, así como reforzar a coordinación entre os distintos servizos públicos e profesionais que traballan neste eido. Ao mesmo tempo, contribúen a sensibilizar e informar a sociedade, reforzando o compromiso da Xunta coa igualdade, a seguridade e o benestar de todas as persoas.

Máis información no apartado de recursos da web:

<https://igualdade.xunta.gal>



NON